

**O Festival de Cans acolle
este ano a estrea de
catro longametraxes**

Páxina V

**Rehabilitada a Escola
de Budiño**

Páxina VI

**Salceda loita contra o
feísmo no casco urbano
para potenciar o turismo**

Páxina VI

**Tui organiza un taller
gastronómico sobre
"Sabores de Sefarad"**

Páxina IX

**José Miñones apoia a
mellora da mobilidade
transfronteiriza entre
A Guarda e Caminha**

Páxina XI

Entrevistas



**Alfonso Pato,
Director do Festival de Cans**

**"En 2022 gustaríanos que
o Festival de Cans volva a
maio, e volver á primavera"**

Páxina III



**Alejandro Lorenzo,
Voceiro do Partido Popular do Porriño**

**"Hai uns 5 millóns en
facturas pendentes de pago
polo Concello do Porriño"**

páxina XIV



OPINIÓN

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Ten peso España na política internacional?

Este 2021 ten dado cabazas de mais á política exterior do goberno de Pedro Sánchez. En perspectiva, esta proliferación periódica de crises en materia exterior revela igualmente a falta de peso de España no contexto exterior.

Algúns incidentes revelan a falta de previsión de Madrid para atallar posibles problemas con socios estratéxicos non menos incómodos, como sucedeu con Marrocos en maio pasado, cando a entón ministra de Exteriores, Arantxa González Laya, permitiu no mais absoluto segredo a recepción en Logroño do líder da Fronte Polisario saharauí, Brahim Ghali, para unha intervención quirúrxica.

Marrocos respondeu a esa "afrenta diplomática" cunha crise migratoria en chave de chantaxe que rendeu os seus froitos. O incidente costoulle o posto a González Laya, peza sacrificada na remodelación do goberno de Sánchez en xullo pasado, sendo substituída por Manuel Albares.

Case paralelo á crise con Marrocos foi o "affaire Biden", aspecto que revela unha incomprendible obsesión do goberno de Sánchez por retratarse coa nova administración na Casa Branca. A súbita abordaxe de Sánchez a Biden en xuño pasado nos pasillos do cumio da OTAN en Bruxelas foi



ironicamente cualificado como o "cumio de 29 segundos" entre un Biden incrédulo e distante e un Sánchez que obraba case á desesperada.

A posterior visita de Sánchez a EE.UU, sen ser recibido polo propio Biden, confirma igualmente que, para a Casa Branca, España non xa é nin siquiera un aliado estratéxico. A crise marroquí revelou a consistencia desta perspectiva: a Casa Branca amosouse publicamente máis condescendente con Rabat que con Madrid.

Como se non fora pouco, a visita de Sánchez a Letonia en xullo pasado levou a unha situación surrealista: un avión ruso invadiu o espazo aéreo letón con tintes provocativos, tan perto da rolda de prensa que Sánchez celebraba co presidente letón que o propio Sánchez, asustado, saíu correndo ante a incrédula mirada do seu anfitrión. Unha imaxe, cando menos, vergoñenta.

O rosario de infortunios da política exterior española non remantan aquí. En xullo tamén explotu a crise de protestas en Cuba, onde a inacción do goberno de Sánchez é manifesta. España debería ser o actor preponderante da política da Unión Europea en América Latina, pero fai tempo que perdeu esa capacidade de iniciativa.

Sen saír de América Latina, a toma de posesión do presidente peruano Pedro Castillo supuxo un ataque frontal á colonización española no continente, sen acadar os pertinentes protocolos de diplomacia que obrigan a unha maior moderación, tomando en conta a presenza nesa cerimonia do monarca Felipe VI.

Esa perspectiva de revisionismo histórico baixo un contexto político tamén observouse coas críticas ao "colonialismo español" por parte do presidente nicaraguano Daniel Ortega, toda vez a ex ministra González Laya lle reprendera

pola detención de líderes opositores no país centroamericano. Mais recentemente, o presidente mexicano Andrés Manuel López Obrador aproveitou a efeméride do 500º aniversario da conquista española de México para igualmente abrir o debate revisionista: España debe pedir perdón pola conquista de América.

E, finalmente, Afganistán. Nin na Moncloa nin no Ministerio de Exteriores semella existir unha análise cabal das consecuencias do retorno Talibán ao poder no país centroasiático, nin tampouco da humillante derrota estadounidense, que cargará agora o propio Biden, o centro de atención da obsesión de Sánchez por sacarse a foto con el. A repatriación a España do persoal diplomático, civil e militar español de Afganistán confirma a sensación de falta de previsión e de iniciativa por parte do servizo exterior español, toda vez os Talibáns xa viñan avanzando aceleradamente cara Kabul durante o mes de agosto e todo indicaba un fait accompli de que ocuparían o poder e darían curso a unha nova etapa.

Con todas estas crises e incidentes aínda en curso, compre preguntarse se España ten algún peso na política internacional. As reaccións a estas crises por parte de Madrid dan a entender falta de previsión e de perspectivas na acción exterior.



LEON DE BORGER



ANTOMS



Entrevista de Guillermo Rodríguez

Alfonso Pato | Director do Festival de Cans

"En 2022 gustaríanos que o Festival de Cans volva a maio, e volver á primavera"

O XVIII Festival de Cans celébrase do 1 ao 4 de setembro de 2021 na xa mítica parroquia porriñesa. O seu director Alfonso Pato fixo un

balance deste singular evento cultural e audiovisual, así como do futuro deste festival que xa é unha marca de identidade para O Porriño e incluso para Galicia.

Coa súa XVIII edición, o Festival de Cans chega a súa maioría de idade. Que balance podes realizar en todo este tempo?

Non podo mais que facer un balance moi positivo. Nunca tal pensamos cando comezamos hai 18 anos, case como unha brincadeira, que o Festival de Cans ía chegar a ser o que é. Estamos moi orgullosos e orgullosos de ter medrado, de termos expandido e de ter andado polo mundo sen perder nunca a nosa esencia. Poidemos ter medrado, pero sempre con criterio: ser fieis ós nosos principios, á nosa identidade é á nosa singularidade. A nosa máxima é intentar non autotraicionarnos.

O Concello do Porriño duplicou a 40.000€ o apoio ao Festival. Está consolidado este apoio institucional para futuras edicións?

O mais importante de todo é que se trata dun acordo histórico votado en pleno por unanimidade

por todas as forzas políticas que compoñen a corporación municipal de O Porriño. Como director do Festival de Cans estoulles moi agradecido a todos estes partidos, pero eu sempre digo que os billetes dos cartos públicos non os tira unha avioneta que pasa polo ceo. Os festivais, os eventos e os cidadáns en xeral temos que ter unha conciencia da responsabilidade que supón usar recursos públicos. E nesa responsabilidade está rendir contas e xustificar correctamente ata o último euro. As institucións deben ser esixentes e os organizadores de eventos debemos ser responsables cos recursos públicos.

Asinamos un novo convenio, pero tamén é certo que o Festival de Cans asume moitas máis responsabilidades, como facer un ciclo de cine polas parroquias, ou moitas cuestións de loxística que antes asumía o Concello. Ademais tamen contratamos case

150 persoas, xeramos un impacto económico e, por suposto, devolvemos moito as arcas públicas pagando impostos. O mais importante é que todos os grupos políticos teñen unha idea clara do que Cans representa para o Concello de O Porriño, do seu significado e da marca de identidade que supón mesmo no contexto galego.

Na presentación desta edición falabas de "tres R": responsabilidade, resistencia e rebeldía. Isto define o "ethos", a identidade, do Festival nestes tempos de pandemias?

Posiblemente sexan estas tres "erres" os motores de Cans nestes tempos de pandemia. Témolo pasado moi mal nestas últimas dúas edicións. Facemos o festival con moita ilusión e con moito esforzo, pero ás veces é desesperante traballar nestas circunstancias tan complexas e tan desconcertantes. É como camiñar sobre áreas movedizas. En 2022 gustaríanos volver a maio, e volver á primavera, a nosa estación natural. Volver ver os chimpíns circulando entre as flores.

O Festival de Cans consolidouse dun xeito non previsto nin sequera polos propios organizadores, ao noso entender. Cal pode ser o teito dun proxecto cultural coma este nado nunha aldea como Cans? Ou cre que non existe teito?

Todo o que era unha singularidade, agora mesmo é un atranco para medrar. Ter 'jalpóns' está moi ben e da moita singularidade, pero se queremos estreir un filme de gran proxección, se queremos



facer unha retrospectiva internacional de nivel ou se queremos ter máis días con máis longame-traxes, precisamos dunha infraestrutura maior. Pertencemos a un concello onde ó longo de varios gobernos, as infraestruturas culturais foron nulas. Non houbo unha aposta neste sentido. Todo se planteou enfocando as inversións cara infraestruturas deportivas -que está moi ben- pero ninguneando os espazos para a cultura, o cal é unha clara declaración de intencións.

É moi triste que, dezaioito anos despois de comezar o Festival de Cans, e nunha cidade que rebasa os 20.000 habitantes, sigamos tendo as mesmas dotacións, que hai anos que pasaron a ser moito peores que moitas parroquias dos arredores. Esta cidade de 20.000 habitantes ten un auditorio en cuxa sala principal poden entrar 170 persoas. Case ten mais aforo o salón de actos de calquera centro de ensino.

Non ter infraestruturas, obviamente, condiciona o crecemento

do noso festival, ou calquera outro evento de maior dimensión que se queira celebrar. Gustaríanos que a dimensión que está tendo o Festival de Cans axudase a tirar por esa necesidade de infraestruturas culturais.

Unha vez que Alfonso (PATO) teña que deixar o barco, quedarán "capitáns" que poidan seguir con este proxecto tan ilusionante e complicado ao mesmo tempo?

Eu sempre digo o mesmo. Se cando eu e varios compañeiros e compañeiras meus non esteamos, o festival desaparecese, personalmente consideraría un fracaso todos estes anos de traballo. Non sempre imos estar aquí as mesmas e os mesmos. É preciso un relevo xeneracional e niso estamos traballando pouco a pouco, intentando incorporar a persoas novas e comprometidas co festival que veñen por detrás nosa. Un dos grandes retos do Festival de Cans a medio prazo será preparar unha transición cara un relevo xeneracional.



OPINIÓN

Por Manuel Estévez

"O Pico do COVID e as fronteiras sociais", unha creación recente

O último bohemio da cidade olívica, ten parada obrigatoria no Nuevo Derby, Cafetería rexentada por Eusebio Prado, chantadino de Mariz e un cuarto de século na hostalaría.

No local situado na céntrica rua Urzaiz, número 21, poden ollarse óleos de inspiración diziana, a maioría propiedade do hosteleiro, cuio retrato preside a sala Comedor ataviado coa capa da Irmandade dos viños galegos e a catedral de Santiago de Compostela as súas costas.

Os clientes teñen como compañía telas "Do mar a mesa", "Receitas dos nosos restaurantes", onde aparece o enclave natural da Ribeira Sacra e Belesar "Casa con viñedos", "Adega", "Embarcación", así como un retrato de Rosalía de Castro a carón de "A dor da traxedia", O espello de Venus" e unha das últimas obras saídas do estudio do artista, situado nunha buhardilla do Areal e mesmo un poema enmarcado

«El Sil se hace galaico/ buscando al padre Miño/ para abrazarse en Peares/ y hacer juntos Camino./ Entre banales y cenobios/ donde sois sacro ríos/ dais latido al vino/ en meandros escondidos./ Mans-ana mención/ sangre sacra que cautiva/ en grata compañía/ el alma y cuerpo cultiva/ Es melodía el brindis/ en las copas que se alzan/ mientras se visten de gala/ las cepas que os abrazan/ Hay que volver a brindar/ el paso de Belesar/ donde reside el sosiego/ y un remanso de paz».

"O pico do COVID e as fronteiras sociais", reflexando en dita obra de arame de espiño que ven a representar os da evolución do COVID, así como o gráfico das diferentes

cotas que indican a pandemia, nas que usou cinco cores apoiando a concepción do cadro. Domina o negro representando a morte; gris, a indiferencia; morado, a door; ocre, negligencia sanitaria e o branco, saúde.


Secundino, pinta desde neno, aos 13 anos especializase en tódalas ramas das artes gráficas e sigue facendo o mesmo día a día, sendo nonaxenário, alen de escribir, estando previsto publicar un libro de poesía en breve.

Un dos impulsores no 1968 da 1ª Exposición ao libre na Praza da Princesa en Vigo, expoñendo en varias edicións, lugar onde lle adquiriu obra Massiel, naquela altura que gañara o Festival de Eurovisión. Colabora e ilustra nos anos sesenta en Faro de Vigo, xornal onde traballou sendo director Manuel Gonzalez Cerezales e posteriormente con Álvaro Cunqueiro.

Entre os carteis caben destacar o da Festa do Albariño de Cambados e o realizado para anunciar a Festa do Marisco de O Grove. Ilustra a portada e contraportada do disco de grandes obras do século XIX na Catedral de Santiago de Compostela, VIII Centenario do Pórtico da Gloria, 1990 e no seguinte, un mural no Salón Candilejas.

Autor da portada da Revista Pope. No 1978 a de Al Limón, xunto co pintor Urbano Lugrís.

Actúa como restaurador no peto de Ánimas do Mestre Cerviño no Concello de Covelo, na década dos 90 e innumerables exposicións en Caixavigo; Colectiva Homenaxe a Elixio e do 75 Aniversario do Fundador da emblemática taberna, entre outras pola península, figurando na colección do Museo de Castrelos, poseedor da Medalla de



Prata do 1º Concurso Internacional de Christmas e obra en Paris, enviada en días recentes.

"Muiño", unha das últimas creacións formará parte do proxecto "Muiños de O Picón e O Folón na plástica", unha mostra itinerante que recorrerá o Camiño Portugués a Santiago de Compostela, desde Lisboa con paradas en Museos e Espacios de Arte Contemporánea para dar a coñecer a través da pintura o enclave etnográfico do Suroeste de Galicia ou mesmo dicir O Rosal.

Plataforma pola Sanidade Pública Sanxenxo critica "inacción" da Xunta

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública Sanxenxo denunciou a inacción por parte da Consellería de Sanidade, da Xerencia da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés e do propio alcalde de Sanxenxo, Telmo Martín, ante a situación de sobrecarga asistencial dos Centros de Saúde e Consultorios periféricos deste Concello pontevedrés, en particular Baltar e Vilalonga.

Criticaron a falta de interese das autoridades ante a petición



de reforzos neses centros de saúde, toda vez Sanxenxo se convertiu no epicentro de transmisión comunitaria de Covid, cun índice de casos activos que sobrepasaron

os 2.300 por cada 100.000 habitantes, cos consecuentes riscos sociais. Tamén denunciaron o incremento do estrés laboral polo exceso de horas traballadas.

Ecovidrio e Mos, con La Vuelta máis sostible da historia

Ecovidrio, entidade sen ánimo de lucro, e LA VUELTA propuxéronse converterse na edición LA VUELTA21 máis sostible da historia da competición. Para iso van colaborar colocando 12 contedores de reciclaxe en distintos puntos de Mos para promover a reciclaxe e concienciar aos seus veciños sobre o coitado do medio ambiente.

Ademais, con todos os residuos que se depositen nestes contedores ata o paso da Volta,

Ecovidrio deseñará un trofeo sostible que entregará ao gañador desa etapa o próximo 4 de setembro. Os contedores instaláranse en diferentes puntos do municipio.

Segundo os últimos datos relativos a 2020, os cidadáns de Mos reciclaron un total de 388,4 toneladas de vidro, unha media de 25,8 kg por habitante. O municipio xa conta con 100 contedores de vidro, o que se traduce a unha media de 151 habitantes por contedor.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Balomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO/ MOS

O Festival de Cans acolle este ano a estrea de catro longametraxes

O filme '9 Fugas', de Fon Cortizo (Vigo, 1978) proxectarase por primeira vez en salas durante o certame o venres 3 de setembro. Un día despois, o Jalpón de Mucha e Juan do Peso, tamén na aldea, acollerá a estrea mundial de 'El tiempo libre', do realizador, intérprete, dramaturgo e músico ourensán Fernando Epelde (1980). Estas estreos únense ás xa anunciadas de dúas cintas documentais: 'Donde acaba la memoria', o traballo de Pablo Romero-Fresco sobre a viaxe do historiador Ian Gibson a Las Hurdes detrás dos pasos de Luis Buñuel; e 'Beiras, vivir dúas veces', o filme de Jorge Coira, Pepe Coira e Gaspar Broullón sobre a figura do economista, intelectual e político Xosé Manuel Beiras. O certame celébrase entre os días 1 e 4 de setembro. O acceso ás estreos de '9 Fugas' e 'El tiempo libre' é de balde, pero previo rexistro a través da tenda da web do Festival



O realizador Fon Cortizo.

de Cans: <https://tenda.festivaldecans.com/>.

Outra das estreos xa anunciadas, a de 'Donde acaba la memoria' xerou unha alta expectación. Coas entradas xa esgotadas, o Festival conseguiu programar, para o venres 3 de setembro ás 12.30 horas no Torreiro de Cans, un coloquio con Ian Gibson. O acceso será de balde pero previa inscrición na tenda en liña do Festival.

O artista sonoro Marco Maril inzara coa súa música o último

día do certame, o sábado 4 de setembro, a partir das 20 horas. Maril, que leva máis de 20 anos participando en distintos proxectos (Apenino, Dar Ful Ful...), é pioneiro do indie galego e xa pasou por festivais coma o FIB, ou o Primavera Sound.

A actriz galega Sara Casanovas tamén presentará no Festival de Cans o seu novo proxecto musical: "Capitán Swing". e o seu primeiro traballo: 'Ferro Cande'.

Na súa programación musical o Festival de Cans recupera tamén este ano a Sesión Vermú Nordesía no Torreiro. Será o sábado, 4 de setembro, ás 13.30 horas. Actuará o grupo de música tradicional Acordeireta, que presenta o seu primeiro disco.

Estas actuacións súmanse ás xa anunciadas de Ses, Maika Markovski e Oh Ayatollah. As últimas entradas para estes concertos están disponibles na tenda en liña do Festival: <https://tenda.festivaldecans.com/>.

"O Festival de Cans é un distintivo da identidade do Porriño"

Alcaldesa Eva García eloixiou ao Festival de Cans como "distintivo da identidade do Porriño, é de todos nós", durante a presentación do evento realizada no Torreiro de Cans.

García destacou tamén a "unanimidade" no apoio das forzas políticas da Corporación Municipal porriñesa para "duplicar a achega que lle da o Concello ao Festival de Cans" de 20.000 a 40.000 euros. O Festival de Cans celebrarase do 1 ao 4 de setembro. Cami Moreira, concelleira de Cultura agradeceu a colaboración entre o Concello e a asociación "Arela",

organizadora do certame audiovisual.

Pola súa banda, Alfonso Pato, director do certame, manifestou que este ano o Festival de Cans afronta esta edición coa perspectiva das tres erres: "Responsabilidade; Resistencia e Rebelión", e informou da recuperación dos espazos tradicionais para a súa realización.

Na presentación do Festival tamén asistiron Román Rodríguez, conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, e representantes da Deputación de Pontevedra e das empresas patrocinadoras, entre elas Gadis e Estrella Galicia.

A concelleira de Vías e Obras inspecciona a execución de traballos no polígono da Granxa e no lugar de Carreira, en Cans



Lourdes Moure, concelleira de Vías e Obras inspeccionou a execución de diversos traballos de arranxo de beirarrúas no Polígono Industrial de A Granxa realizados polo departamento que dirixe con medios propios e persoal contratado coa colaboración do Plan Concellos da Deputación.

Os traballos de arranxo desenvólvense en dous tramos da Avenida Principal do Polígono atendendo ao compromiso acadado pola concelleira Moure Varela coa asociación empresarial "Entidade Urbanística de Conservación A

Granxa". Despois de levantar as beirarrúas en mal estado, aplícase unha capa de formigón co resultado que se pode apreciar en algunha das imaxes.

Por outra banda, a concelleira de Vías e Obras tamén comprobou o desenvolvemento dos traballos para levantar un muro de contención de 47 metros de perímetro no lugar de Carreira, en Cans que está a executar o seu departamento. "Trátase de resolver o perigo que existía para o acceso ás vivendas pola caída dunha parede, atendendo a unha petición da veciñanza", manifestou Moure.

Tramitación e recollida de acreditacións de vacinación no Centro Cívico Municipal

No primeiro andar do edificio do Centro Cívico Municipal está a funcionar un punto de tramitación e recollida de acreditacións de vacinación para a veciñanza de O Porriño. Trátase dunha colaboración que presta o Concello, a petición da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo.

É atendida por persoal contratado polo Sergas e non é precisa cita previa. Atenden dende as 8:00 ata as 15:00. A oficina estará operativa, en principio, ata o martes 31 de agosto.

Os veciños e veciñas do Porriño que acudan a esta oficina deben levar a tarxeta sanitaria e o DNI para solicitar a acreditación de estar vacinados contra a Covid, documento ben impreso, ben en código QR. Neste



punto de atención no Centro Cívico, ademais de obter o certificado de vacinación, a veciñanza tamén poderá acadar ou

tras prestacións como darse de alta nas aplicacións "Chave 365" e "E-Saúde" que dependen do Sergas.

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda loita contra o feísmo no casco urbano para potenciar o turismo

O Concello comeza a tramitar expedientes, que poderán contar con multas de ata 1.500 €

O Concello de Salceda de Caselas está a realizar un traballo de revisión das fachadas dos edificios do casco urbano que non se manteñan limpas e en bo estado. A ordenanza de limpeza viaria e ornato público do Concello de Salceda de Caselas establece a obrigatoriedade de manter limpas e en bo estado todas as partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública, e especialmente nos baixos, nos que as persoas propietarias deben “pechalos debidamente, con ladrillo ou bloque, levando a cabo o seu recebado, salpicado e, en todo caso, pintado”. O non cumprimento desta obriga considérase como infracción grave, o que carrega multas que poden ir ata os 1.500 €.

Nesta primeira fase, a policía local está a rematar o traballo de revisión das diferentes edificacións, e o departamento xurídico do Concello xa está a emitir os correspondentes informes que lles serán notificados aos propietarios e propietarias dos inmobles, establecéndolles un prazo para que procedan a realizar as tarefas de adecentado dos locais para evitar deste xeito a posible sanción.

O Concello de Salceda leva



realizado un importante esforzo nos últimos anos por mellorar o aspecto das súas rúas e espazos públicos, coa recuperación de espazos para as persoas, a creación de novas zonas verdes ou a instalación de mobiliario urbano sobre o que destacan as xardiñeiras e maceteiros que se teñen convertido xa en sinal de identidade da vila, e que supuxeron a concesión de dúas flores no certame “Vilas en flor” que premia este tipo de actuacións ao longo de todo o País.

O aspecto das fachadas dos edificios resulta fundamental para contribuír ao embelecemento da vila, e aínda que moitos destes locais xa se foron adecuando á normativa, é certo que outros permanecen sen rematar, con paredes de ladrillo

ou incluso sen pechar, amosando un aspecto descoidado que non favorece a sectores como o turismo ou o comercio, e que agora se pretende atallar dende o Concello.

Loli Castiñeira, Alcaldesa accidental: “O Concello leva realizado un importante esforzo para ofrecer a mellor cara da vila a veciñanza e visitantes, contribuíndo deste xeito a potenciar Salceda como vila de destino de numerosas persoas. Unha imaxe axeitada dos inmobles completará o traballo realizado ofrecendo unhas rúas máis atractivas, polo que apelamos á responsabilidade e á colaboración das persoas propietarias deses locais para seguir a construír esta Salceda que tanto queremos entre todos e todas”.

O Concello limpa a fachada do CRA Raíña Aragonta

O concello realiza a hidro-limpeza das fachadas, dos canelóns e dos sumidoiros de pluviais do CRA Raíña Aragonta. Esta limpeza extraordinaria que se realiza por primeira vez neste centro, forma parte do Plan de Mellora, mantemento, reparación e limpeza para a posta a punto das instalacións educativas.

“A previsión é que todas as tarefas de mantemento e limpeza estean rematadas na primeira semana de setembro”, indicou a concelleira de Ensino, Gela Ledo.

Tamén se repasaron e afianzaron as lousas da fachada, tanto as de madeira como as de formigón, e se realizou unha imprimación da cuberta plana, na parte superior da entrada principal do edificio.

A concelleira explicou que estes arranxos forman parte do Plan de Mellora e Mantemento que ten o



concello en marcha. Este Plan, esténdese a todos os centros educativos, deste xeito nas aulas unitarias das parroquias tamén se están a facer os arranxos necesarios: pintura, cambio de redes exteriores, pequenas reparacións, limpeza xerais e desbroces. Así como no CEP Altamira, no que este ano, tamén de xeito extraordinario, se acomete con hidro-limpadora a limpeza de patios, muros exteriores e sumidoiros.

Rehabilitada a Escola de Budiño

O Concello de Salceda de Caselas reforzou a súa aposta polo Ensino Público e a consolidación da poboación no rural coas obras que vén de acometer para a reforma integral do edificio de San Estevo de Budiño, englobado dentro do Colexio Rural Agrupado (CRA) Raíña Aragonta. Co apoio do Plan Concellos da Deputación, que achegou unha subvención de máis de 47.000 euros, rehabilitou completamente o inmobile e recupe-



rou para usos docentes o espazo que anteriormente ocupaba a vivenda da mestra.

o remendón CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **Duplinox**

637 764 865

www.cerrajeroremendon.com

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

SALCEDA DE CASELAS

O Concello de Salceda aumenta o seu apoio ao tecido asociativo

32 asociacións recibirán máis de 126.000,00€

O Concello de Salceda de Caselas asinou coas asociacións os convenios de colaboración para o ano 2021, que lles permitirá percibir en total 126.751,40€. Estas axudas, as máis altas da historia veñen recollidas no orzamento 2021 como subvencións nominativas e destínanse a colaborar cos gastos de funcionamento e de actividades das entidades. No acto de sinatura, a alcaldesa Verónica Tourón estivo acompañada pola tenente de alcaldesa Loli Castiñeira e polo concelleiro de cultura e asociacionismo Álex Rodríguez. Tamén asistiu Rubén

González responsable de deportes e medioambiente e Gela Ledo, de ensino e servizos sociais.

Nos máis de 126.000 euros que se destinan, asináronse convenios cos centros culturais (900 €), os coros (700 €), as asociacións de veciños (400 €), os entroidos de Castro Barreiro e A Feira (1.600 €), a Asociación de Amigos e Amigas da Música de Salceda (22.000 €), o CEP Altamira (1.200 €), o IES Pedras Rubias (2.400 €) e a Asociación de Xubilados e Xubiladas e Pensionistas (3.000 €). No eido deportivo, 22.551,40 € son para as Escolas Deportivas, 18.000 € para o Ca-

selas C. F., 4.550 € para os Clubes de Balonmán e Baloncesto e 400 € para o Club Ciclista Aragonta.

Este ano cabe destacar a creación de sete novas subvencións nominativas destinadas a diferentes colectivos. A Escola de Fútbol Denis Suárez e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFA-GA) percibirán axudas de 15.000,00€ cada unha. A Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil 1.500,00€; o CRA Raíña Aragonta 1.000,00€; a Asociación de Comerciantes e Industriais (ACISA) e a Asociación Cultural, Deportiva e Ecoloxista Treze



Catorze 900,00€ e a Asociación de Mulleres Rurais Caselas 400,00€.

As subvencións de maior importe son as que reciben a Asociación de Amigos e Amigas da Música, que engloba a Escola de Música de Salceda así como a Banda de Música, movendo en total máis de 400 persoas de todas as idades, e as Escolas Deportivas, con cerca de 500 participantes. Considérase tamén fun-

damental o apoio ás actividades dos centros escolares públicos, que a pesares de non estar dentro das competencias dos Concellos reciben tamén unha aportación municipal

O concello colabora ademais durante todo o ano coas diferentes asociacións con préstamo de material, cartelería, donacións para os centros culturais, asesoramento e información nos trámites con outras administracións, etc.

Salceda solicita un novo un programa integrado de emprego

O Concello de Salceda de Caselas ven de solicitar unha subvención de 250.000 € á Xunta de Galicia para poñer en práctica un novo Programa Integrado de Emprego que beneficiaría a 100 persoas desempregadas do municipio. O plan acollería persoas desempregadas con perfís diversos: discapacidade, risco de exclusión social, menores de 30 anos con baixa cualificación, maiores de 45 anos, mulleres, etc., presentando un obxectivo de inserción laboral dun mínimo do 45% das persoas participantes.

As persoas beneficiarias participarían nun mínimo de cinco accións individuais e tres accións de distinta natureza de xeito activo durante os 12 meses de duración do programa. Ademais da formación que se agrupa en tres itinerarios formativos: un socio-sanitario, no que se impartirá formación vinculada ao ámbito; un de almacén e transporte, no que se incluírá a obtención de dos permisos de conducir B e C; e un de industria, no que se incluírá formación relacionada coa automoción e procesos de fabricación en xeral. Ademais faranse

prácticas formativas en empresas da zona coas que o Concello xa ten establecidos convenios de colaboración para cumprir co compromiso de inserción marcado: Aceesca, Febeco, Playdesa, Industrias Proa e Sociser Galicia. Tamén colaboran a través de convenios a Asociación de Comerciantes e Industrias de Salceda "ACISA" e a Entidade Urbanística do Polígono de A Granxa.

O Concello de Salceda conta co Centro de Desenvolvemento Local O Torrón para levar a cabo este tipo de programas, cunhas instalacións recentemente refor-

madas, as que se lle está cambiando o tellado, instalouse a climatización e se actualizou a parte informática coa instalación dun servidor e un SAI, entre outras pequenas melloras. Dende aquí se xestionaría o programa con persoal técnico especializado que atendería ás 100 persoas participantes.

No caso de ser concedida esta iniciativa sumarase ás iniciativas municipais que nos próximos meses porá en marcha a concellería de emprego e formación, xestionada pola propia alcaldesa e tamén concelleira de área.

Verónica Tourón, alcaldesa e responsable da área de emprego e formación: "esperamos que a Xunta atenda a nosa petición e poidamos poñer en marcha este programa necesario para as persoas demandantes de emprego do noso concello. Un programa integrado, de formación, prácticas e inserción laboral, mellora a empregabilidade e garantiza unha inserción laboral alta, xa que no anterior alcanzouse unha inserción de case un 60%. Hai que establecer prioridades e sen dúbida a creación de emprego é unha delas".

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario 2-32-000035

PONTEAREAS
rúa san antón de padua, 4

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa

Tartas personalizadas coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

LOURINHA

TUI

Novos parques das Bornetas e A Gándara en Guillarei

Dous novos parques pensados para o disfrute de toda a familia, ao combinar xogos infantís con elementos biosaudables, están xa a dispor da veciñanza. Ambos foron financiados con cargo ao Plan Concellos da Deputación.

O primeiro deles está situado na sede do Colexio Rural Agrupado Mestra Clara Torres, nas Bornetas, e pode gozar do mesmo o público en xeral. Cunha superficie de 346 m2 con céspede artificial. Na área de xogos infantís destaca a montaña, con zona de escalada por cordas, 15 puños de escalada, un trampolín circular, un tobogán para os máis pequenos, e un túnel é un dos elementos destacados do novo parque. Os nenos e nenas poden gozar tamén dunha randeeira de dobre asento: asento plano e asento tipo berce para bebés; balancín dobre e dunha torre dobre con escaleira colgante, muro inclinado de escalada, e tobogán. Mentres na zona de biosaudables instaláronse elementos de cintura para 3 usuarios, de esquí de fondo elevador para 2 usuarios e unha bi-



cicleta estática. O muro perimetral do parque loce os graffitis realizados por Gori.

Coa mesma liña de traballo de acondicionamento e recuperación de espazos de lecer ao aire libre actuouse tamén no parque da Gándara en Guillarei. Creáronse dous espazos diferenciados, ambos con céspede artificial. Un de 650 m2 destinarase aos xogos infantís e outro de 190 m2 á colocación de biosaudables e mesas de xogo. Así a zona de xogos infantís conta cunha tirolina de 24 metros de longo, cun bambán dobre e un bambán adaptado para persoas con mobilidade reducida, o pri-

meiro destas características instalado en Tui. Amais colocáronse dous xogos combinados, un con dúas torres principais, tobogán, rocódromos, rede de escalada e panel lúdico; e con dúas torres tobogán, un panel lúdico e un túnel. Instalarase amais unha casinha tipo cabana, dous balancíns simples e un dobre.

Mentres na zona de biosaudables colocouse un elemento de exercicio de cintura para 3 usuarios, un esquí de fondo, un elevador para 2 usuarios, e unha bicicleta estática. Tamén se colocou unha mesa de ping-pong e tamén un taboleiro de xadrez, xunto a un conxunto de mesa con bancos.

As rúas de entrada do Camiño Portugués en Tui locen bandeirolas de benvida aos peregrinos



As rúas de entrada ao conxunto histórico de Tui, concretamente a rúa Sanz e un treito da rúa Seixas locen diversas bandeirolas co obxectivo de dar a benvida aos peregrinos que chegan ata Tui polo Camiño Portugués. Foron instaladas pola Xunta de Galicia, coa colaboración do Concello de Tui.

Para o concelleiro de Patrimonio, Turismo e Camiño de Santiago, Laureano Alonso, esta iniciativa de Turismo de Galicia contribúen ao ornato das vellas rúas tudenses que acollen estas xornadas a un número crecente de peregrinos que visitan a nosa cidade, punto de confluencia dos Camiños Portugueses e, por tanto,

porta de entrada do Camiño de Santiago en Galicia a través da ponte internacional.

Esta iniciativa posúe o dobre obxectivo de darlle a benvida aos peregrinos así como animar e sensibilizar ás poboacións de vilas e cidades galegas das rutas xacobeas da súa pertenza aos Camiños de Santiago, promovida pola Vicepresidencia primeira a través de Turismo de Galicia coa denominación de proxecto Xacobeo Benvida, no marco da programación da celebración do Xacobeo 21-22. Xacobeo Benvida é un proxecto no que se engalan diferentes tramos dos Camiños de Santiago ao seu paso por 37 cascos históricos das catro provincias.

Castañón e Becerro gañan no Descenso do Miño

O pasado día 22 de agosto celebrouse a cincuenta edición do Descenso Internacional do Río Miño e a décima do descenso Popular. Este ano recuperouse a espectacular saída dende terra e o Paleo a Pé incorporouse ao Des-

censo do Miño.

Cun tempo de 00:55:39 Miguel Fernández Castañón e Jose Julián Becerro do Club Fluvial O Barco son os vencedores absolutos do Descenso do Miño 2021.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



Tui acolleu unha histórica peza teatral sobre a pesca do río Miño

A ribeira de Caldelas en Tui acolleu este 27 de agosto a representación de “A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño”, coa historia das disputas e a unión final de dous pobos escrita hai 350 anos (1671) por Gabriel Feixoo de Arauxo.

A Companhia de Teatro de Braga, CTB, e o Centro Dramático Galego, CDG, poñen en escena este texto teatral, o primeiro escrito en galego, nunha produción realizada para o Festival de Teatro Clásico de Almagro, e que en Caldelas terá un carácter especial, por celebrarse no mesmo lugar no que está ambientado o entremés e realizarse ao aire libre.

Na presentación no Balneario



de Caldelas estiveron presentes a concelleira de Cultura, Sonsoles Vicente, os directores do CDG, Fran Núñez, e da CTB, Rui Madeira, respectivamente, e do presidente da Fundación L. Peña Novo, Xosé González Martínez. Tamén estiveron presentes no acto os vareadores de Valença e Monção, Rui Oliveira e Joao Oli-

veira, o concelleiro de Cultura de Salceda, Alexandre Rodríguez, o presidente da Comunidade de Montes de Caldelas, Rosendo Pena, e o presidente da Asociación Cultural A Insua, Alejandro Da Cuña “Cuñi”.

Dirixida por Fran Núñez, contou co apoio dramaturxico do responsable da CTB, Rui Madeira.

O Concello de Tui organiza un taller gastronómico sobre “Sabores de Sefarad” a cargo de Javier Zafra

O Concello de Tui coa integración na Red de Juderías de España está traballando na promoción turística da nosa cidade ao abeiro do importante conxunto patrimonial relacionado coa presenza xudía na nosa cidade ao longo dos séculos. Pero este labor precisa complementarse con outras medidas que consigan incrementar o atractivo da nosa cidade en torno aos recursos xudeus ou sefardís.

Neste sentido, un elemento clave é a gastronomía, pois é o complemento idóneo a unha visita á nosa cidade. Pero cómpre que esta oferta gastronómica contribúa a incrementar o valor da nosa oferta turística, cunhas propostas dos nosos restaurantes relacionadas con este patrimonio xudeu.

O Concello de Tui, a través da Red de Juderías, para afondar nesta liña organiza un obradoiro práctico denominado “Sabores

de Sefarad” a cargo do cociñeiro Javier Zafra que estará en Tui o luns 13 de setembro de 2021. Está dirixido exclusivamente a profesionais da hostalaría e restauración tudense. Javier Zafra é autor do libro “Sabores de Sefarad”, que recolle unha escolma de receitas ou komidikas facilmente realizables, e xestiona o blog do mesmo nome que pretende ser un lugar onde compartir os pratos cociñados, experiencias culinarias e vivencias dos profesionais que traballan arredor da gastronomía sefardí.

Javier Zafra a través deste taller, dirixido a cociñeiros e chefs, pretende incentivar o mantemento desta forma de guisar que forma parte da nosa tradición culinaria e integrar estes pratos na oferta gastronómica das cidades integradas na Red de Juderías, mellorando os recursos que ofrecen aos seus visitantes. Será un actividade eminentemente práctica coa mostra de materiais, condi-

mentos, receitas in vivo, etc.

O concelleiro de Turismo e Camiño de Santiago, Laureano Alonso, convida aos establecementos de restauración abertos na nosa cidade a este taller que considera de gran interese para coñecer esta proposta gastronómica que ten como finalidade mellorar a oferta gastronómica e turística de Tui. Unha aspiración que nestes momentos de incerteza resulta imprescindible de acometer conxuntamente.

O taller terá lugar na Aula Uned de Tui o luns, 13 de setembro, de 17,30 a 20,00 horas. Os interesados deben inscribirse previamente na Oficina Municipal de Turismo ou a través do correo electrónico: turismo@tui.gal

Esta actividade forma parte do programa das Xornadas Europeas da Cultura Xudía que terán lugar ao longo da primeira quincena do vindeiro mes de setembro tanto na nosa cidade como na cidade irmá de Valença.

Play-Doc propón un taller audiovisual para retratar os espazos que habitamos

Este obradoiro audiovisual será impartido por Eloy Domínguez Serén, recoñecido e multi-premiado cineasta galego que conta cunha notable traxectoria internacional, na que destacan títulos como Hama ou Non cow on the ice.

Ao longo das semanas de agosto e setembro, os e as participantes realizarán unha pequena peza audiovisual de curta duración, na que reflexionarán arredor da súa propia experiencia, a da súa contorna ou a da comunidade, tecendo xuntos un valioso relato de pequenas historias persoais e colectivas.

O obradoiro dará comezo cunha xornada de visionado en grupo, na que os participantes poderán descubrir a obra de distintos cineastas, coñecer os diversos modos nos que se expresan, e contar así con referentes que poidan resultar útiles para a realización das súas propias pezas. Durante todo o proceso de creación das pezas, os participantes contarán co seguimento,



asesoramento, a colaboración e o apoio do cineasta Eloy Domínguez Serén.

Cada peza final resultante do obradoiro non superará os 3 minutos de duración e poderá ser levada a cabo con calquera formato de gravación, desde teléfonos móbiles ata cámaras profesionais.

As pezas resultantes deste obradoiro presentaranse dentro do marco da celebración da XVII edición de Play-Doc Festival, que terá lugar do 22 ao 26 de setembro.

Últimas prazas para o curso de Riscos Laborais na Construción que comeza o día 6

Quedan so dúas prazas para o curso básico de prevención de riscos laborais na construción que se vai celebrar en Tui do 6 ao 17 de setembro de luns a venres de 15.30 h a 21.30 h. Está organizado polo Concello de Tui en colaboración coa Fundación Laboral da Construción.

Este curso Básico de Prevención en Riscos Laborais ten unha duración de 60 horas.

As persoas interesadas deben enviar, á maior brevidade, a ficha de inscrición, accesible en tui.gal, ao correo cfo@tui.gal.

Pódese ampliar esta información de luns a venres de 9 a 14 h no 986 60 39 49.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

BAIXO MIÑO

A GUARDA

As teatralizacións no Trega amplían as súas datas nas primeiras semanas de setembro

Tralo éxito das representacións “A Viaxe de Exeria ao Castro” e tendo en conta que dúas datas deberon ser suspendidas no mes de xullo por mor dos protocolos Covid-19, as funcións teatrais que se repetiron cada mércores do verán prorrogarán a súa programación por dúas semanas máis, adaptando, iso si, os horarios ás xornadas máis curtas que estamos a ter xa no mes de setembro. Deste xeito as novas representacións quedan para o mércores 1 e 8 de setembro, en dous pases diferenciados, o primeiro ás 18:00h. e o segundo ás 19:30h. Ao igual que nas sesións de verán o aforo é limitado e con reserva previa no mail: centrocultural@aguarda.es (indicando o nome e apelidos dos asistentes e un número de teléfono), o punto de encontro é a explanada da Casa Forestal do Monte Santa Trega.

A viaxe de Exeria ao Castro é unha actividade que traslada aos asistentes á época na cal o poboadado castrexo de Santa Trega estaba habitado, cunha repre-



sentación teatral na cal a nobre e valente Exeria, tras anos viaxando, volve á súa terra, Gallaecia, chea de proxectos, entre os que está a conversión do Castro, supostamente abandonado, nunha vila organizada de acordo aos novos tempos. Mais o Castro garda moitas sorpresas e tesouros que custodia Grovio, o seu último e inesperado habitante.

A presente representación está inspirada na personaxe histórica de Exeria, muller peregrina no

S.IV. En torno ao ano 380 esta muller procedente dunha familia nobre do Noroeste peninsular - Gallaecia- emprendeu viaxe ata Xerusalén e a súa peregrinación quedou constatada nas cartas que enviaba a amigas e familiares. Na Idade Media estes escritos foron compilados por un monxe da Abadía de MonteCasino no Itinerarium de Egeria.

Esta actividade conta coa subvención do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

Aseos accesibles na Alameda da Guarda



O Concello da Guarda puxo en funcionamento aseos adaptados para persoas con mobilidade reducida no entorno da Alameda da Guarda, dentro do compromiso de mellora dos espazos públicos do municipio. Esta nova infraestrutura conta cun sistema de limpeza automatizado despois de cada uso e con apertura de portas programable, ademais de estar construído con material antivandálico. Conta con secador de mans

por aire, dispensadores de xabón, espello na zona de lavabo, iluminación LED e está dotado de ventilación forzada.

Estes servizos veñen a cumprir unha promesa do equipo de goberno municipal coa veciñanza guardesa, amplamente reclamada e nun entorno que é necesario contar con este tipo de infraestrutura.

Este novo equipamento realizouse cunha achega do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.



A GUARDA

José Miñones apoia a mellora da mobilidade transfronteiriza entre A Guarda e Caminha

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, apoiou a mellora da mobilidade transfronteiriza entre A Guarda e Caminha como conexión costeira entre España e Portugal. Expresouse así tras reunirse co alcalde, Antonio Lomba, acompañado pola subdelegada en Pontevedra, Maica Larriba, e antes de facer un percorrido polo concello.

José Miñones explicou que a Agrupación de Cooperación Transfronteiriza, dependente da Deputación de Pontevedra, realizará un estudo sobre as posibilidades de mellora da mobilidade entre as dúas beiras do Miño. “Consideramos que pode ser moi interesante para cohesionar as localidades de Caminha e da Guarda”, destacou.

Tanto o delegado do Goberno como o alcalde están pendentes da conclusión deste estudo porque consideran que a veciñanza de ambos lados do río ten dereito “a manter unha mobilidade sos-



tible e que ademais favoreza o tránsito do Camiño Portugués pola costa”, abundou.

José Miñones detallou que o Ministerio para a Transición Ecolóxica está implicado na protección litoral da Guarda, afectado pola dinámica da desembocadura do Miño. De feito, entende que unha das principais problemáticas está vinculada co litoral, no que actúa

o Goberno.

Un exemplo é a Praia da Lamiña, onde Costas creou un dique por 130.000 euros con 90 metros de lonxitude. O obxectivo é evitar riscos vencellados con inundacións ante a acción do mar. Ademais, A Guarda conta coa protección especial da figura Rede Natura 2000, que garante o coidado nas actuacións.

O Ferry-Boat retoma o seu funcionamento



O Ferry-Boat que comunica A Guarda con Caminha (Portugal) retomou o seu funcionamento despois de que no día 23 de xuño o patrón do ferri Santa Rita de Cassia detectase un escoramento anormal na plataforma de atraque do transbordador, feito que se puxo en coñecemento dos responsables de Portos de Galicia, na actualidade propietarios e xestores da estrutura e que mo-

tivou ao peche desta infraestrutura e á interrupción do servizo.

Despois do peche e da realización de reparacións de urxencia co obxectivo de recobrar a estabilidade da plataforma, dende Portos de Galicia comunicaron ao Concello da Guarda que xa se pode empregar esta infraestrutura pero que non se permitirá o uso da plataforma para o tránsito de ningún tipo de vehículo. Só se autoriza o tránsito de pasaxeiros e bicicletas.

Francisco Carrera, o avó de Camposancos, celebrou o seu 105 aniversario



O veciño da Guarda Francisco Carrera Carrera celebrou o 13 de agosto o seu 105º aniversario. Un dos veciños máis lonxeiros da vila festexou a destacada data na compañía da súa familia.

Francisquiño, como é coñecido en A Guarda, mantense con moi boa saúde e destacou os seus paseos pola ribeira do

Río Miño, “a media mañá e polas tardes”, aínda que faga sol, choiva ou vento.

O alcalde Antonio Lomba Baz, e o Concelleiro de Turismo, Rafa Álvarez acudiron a dar os parabéns e un pequeno agasallo a este veciño que se amosou moi animado e contento por ter acaudado esta fazaña e con ganas de máis.

Concerto infantil de “Pitusa Semifusa”

A Biblioteca Pública Municipal da Guarda acolle o 4 de setembro o concerto infantil “Pitusa Semifusa”, de Olga Brañas, enmarcado no programa ‘Ler Conta Moito’ da Xunta de Galicia, coa colaboración do Concello da Guarda.

Pitusa Semifusa é un espectáculo a dúo (voces, piano, pandeireta) moi participativo coa cativada, que pretende aprenderlles aos nenos e nenas as familias de instrumentos e os estilos musicais dun xeito lúdico e ameno. No ámbito literario destacan os libro-discos (“Pitusa Semifusa”, 2014; “Pitusa Semifusa e os estilos musicais”, 2017) publicados ambos dentro da colección Sonárbore da Editorial Galaxia, da autoría de Olga Brañas e coas ilustracións de Leandro Lamas.

Para asistir ao é preciso inscribirse no enderezo electrónico centrocultural@aguarda.es indicando nome, apelidos e teléfono.



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Nova edición dos “Rías Baixas Film Fest”

A Deputación de Pontevedra deu o “pistoletazo” de saída a unha nova edición dos Rías Baixas Film Fest que, entre setembro e decembro, situarán á provincia “como a grande referencia no audiovisual”. A presidenta Carmela Silva, xunto a Suso Novás, codirector de Novos Cinemas de Pontevedra, e Teresa Barberena, codirectora do Festival de Cine Inclusivo de Vigo, deron a coñecer as novidades deste ano, acompañados de representantes de todos os festivais que integran a marca e de integrantes dos gobernos locais de Porriño, Vigo, Bueu, Tui, Vilagarcía e Pontevedra. O acto pechouse cun sketch cómico a cargo do director Pablo Cacheda e do actor Santi Romay.

Oito festivais audiovisuais entre setembro e decembro

Os Rías Baixas Film Fest comezarán en O Porriño coa celebración do XVIII Festival de Cans entre o 1 e 4 de setembro e continuarán



co X Primavera do Cinema, que terá lugar en Vigo do 7 ao 12 de setembro; co XIV FicBueu entre o 10 e 19 de setembro en Bueu; co XVII Play-Doc que terá lugar entre o 22 e 26 de setembro en Tui; co 4#Galician Freaky Film Fest entre o 29 de setembro e 2 de outubro en Vigo; co VI Festival de Cine Inclusivo que terá lugar entre o 12 e 16 de outubro en Vigo; co 49º Curtas Festivals do Imaxinario entre o 22 e 31 de outubro en Vilagarcía; e co VI Novos Cinemas que se celebrará entre o 14 e 19 de decembro en Pontevedra e pechará a edición do 2021 dos Rías

Baixas Film Fest.

Os Rías Baixas Film Fest xurdiron no 2020 baixo o paraugas da Deputación e da man dos organizadores dos festivais. Nese mesmo ano púxose en marcha un Comité de persoas expertas para incrementar a visibilidade dos certames, axudar á profesionalización do sector audiovisual e xuntar esforzos para ser máis fortes no relato cultural. Neste 2021 a Deputación achega 150.000 €, 20.000 € máis que no 2020, á celebración destes festivais que crean vínculos e sitúan á provincia de Pontevedra como un lugar de referencia.

A Deputación promove a peza teatral “Rosalía. O lugar onde medran as poetas”

O departamento de Lingua da Deputación de Pontevedra levará a dez Concellos da provincia a peza teatral ‘Rosalía. O lugar onde medran as poetas’, que revive a nenez de Rosalía de Castro, dirixida por Fina Calleja e producida por Culturactiva.

A presentación da peza teatral comezou no Concello de Cerdedo-Cotobade (22 de agosto) para continuar o resto do ano por Ponteareas (24 de se-

tembro), Redondela (3 de outubro), Moaña (29 de outubro), O Rosal (31 de outubro), Lalín (20 de novembro), O Grove (19 de decembro) e A Estrada (29 de decembro) Con anterioridade, este peza pasou por Valga e A Cañiza.

Forman o reparto as actrices Rocío González e Cristina Collazo, dúas imprescindibles nos últimos anos nos escenarios máis variados e nas pantallas da televisión e do cine de Galicia.

Concerto en Baiona de “Mulleres en Acción” da Deputación



Un espectacular solpor e fronte ao mar de Baiona e co fondo das Illas Cíes, a poesía, a voz e a música uníronse en “Palabr(A)”, a actuación coa que Najla Shami fixo un chamamento claro, emotivo, doce e vibrante pola igualdade no baionés parque da Palma. Con temas cun marcado corte feminista, nos que tamén deixou ver a protesta social e a fusión de culturas, a artista removeu a conciencia das persoas asistentes a este concerto do programa “Mulleres en Acción. Violencia Zero” ao que asistiron a presidenta, Carmela Silva, o alcalde de Baiona, Carlos Gómez, a deputada provincial, Raquel Giraldez, e representantes da corporación local. Todas elas e eles deixáronse levar polas mú-

sicas do mundo, corearon algúns dos temas, aplaudiron e desfrutaron do concerto sen esquecerse do motivo que as e os levou alí: a erradicación da violencia de xénero.


A artista interpretou cancións dos seus dous traballos, “Na lingua que eu falo” e “Ela sabe a sol”, que a fixeron alzarse co favor da crítica e gañar varios premios. Todas as cancións da artista están compostas “dende a muller”, segundo ela mesma explicou durante a actuación, e nelas fala de “como as mulleres sacan forza de onde non a hai para renacer como a ave fénix”. Ademais, Najla Shami aproveitou a ocasión para agradecer á Deputación todas as accións que leva a cabo en materia de igualdade para “visibilizar o que se ten que visibilizar”.

Esgotadas as 105 prazas de setembro dos “Bosques Terapéuticos”


As 105 prazas para as últimas sete sesións dos “Bosques Terapéuticos” programadas pola Deputación de Pontevedra para o vindeiro mes de setembro esgotáronse en tan só 24 horas desde a apertura do prazo. Este programa da institución provincial conxuga saúde, natureza e patrimonio.

Os “baños de bosque” desenvolveranse neste mes de setembro no Parque Natural Monte Aloia de Tui (día 4), na Ruta da Pedra e da Auga de Meis (día 12); no sendeiro azul do río Verdugo en Ponte Caldelas (5 e 19); na Senda do Almofrei de Cerdedo-Cotobade (18) e na Fraga de Catasós (11 e 25 de setembro).

ANTOMS



Ni idea



La paradoja



Remate

TOMIÑO

A Eurocidade Cerveira-Tomiño organizou o IX Certame de pintura "Antonio Fernández"

Os premios do IX Certame de pintura ao aire libre Antonio Fernández, celebrado en Goián (Tomiño) e Vila Nova de Cerveira (Portugal), estiveron moi disputados.

O gañador absoluto do concurso foi Federico Plasencia Chacón, de Cáceres. O segundo premio foi para Julio Herrero Romero, de Vitoria, e o terceiro para Alberto Falcón Sineiro, de Cambados. Na categoría infantil, que se convocaba por segundo ano consecutivo, o primeiro premio foi para Olaia Castro Souto (11 anos. A Coruña), e o segundo, para Nicolás Carbajal (6 anos. Ourense). Mentres, Uxío Soto Costas (13 anos. Vigo) fíxose co primeiro premio na categoría xuvenil, quedando o segundo deserto.

Un total de 44 participantes (36 adultos e 8 menores de idade) presentáronse a concurso, elixindo diversos recunchos da vila goia-



nesa e da súa veciña lusa (Cerveira) para instalar a súa mesa e cabaleta. A entrega de premios e exposición dos cadros fíxose por primeira vez na renovada Praza Pintor Antonio Fernández en Tomiño. O acto estivo presidido pola alcaldesa de Tomiño, Sandra González.

O xurado estivo presidido tamén pola alcaldesa e formado ademais por artistas representantes da Bienal de Cerveira, da Asociación Antonio Fernández, Comunidade de Montes de Goián, Consello da Infancia e Adolescencia Voces Novas de Tomiño, concelleiros, entre outros.

Oia licita obras nas parroquias de Mougás e Loureza por máis de 100.000€

O Concello de Oia vén de sacar a licitación varios contratos de obras de mellora en catro camiños situados nas parroquias de Mougás e Loureza por un valor total de 109.455,43 euros, contando co financiamento de subvencións da Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

As actuacións consistirán maioritariamente en reforzo do firme nestas vías, actualmente moi deteriorado, co obxectivo de mellorar a accesibilidade, a seguridade viaria, a vertebración do territorio e a calidade de vida da poboación. As empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ata o 27 de agosto ás 14.00 horas.



David Regades apoia á veciñanza de Tomiño na súa protesta polo deterioro da Sanidade Pública



Atendendo á convocatoria da Plataforma pola Sanidade Pública de Tomiño, encadrada na Plataforma SOS Sanidade Pública, dúcias de veciñas e veciños de Tomiño concentráronse en Tebra (Tomiño) para denunciar o deterioro da calidade asistencial na Atención Primaria deste municipio. Ao acto acudiu o secretario xeral do PSdeG-PSOE na provincia e delegado do Estado na Zona Franca, David Regades participando, ademais, na campaña de recollida de sinaturas.

Regades afirmou que o presidente Núñez Feijoo "non aprendeu ningunha das leccións

que lle deu a pandemia de covid19". "Dunha vez por todas hai que apostar pola Sanidade Pública e o Partido Popular ten claro que o seu modelo é o da privada, o que prexudica á xente que máis necesitada".

Tamén estiveron a presidenta da Plataforma pola Sanidade Pública de Tomiño, Violeta de Santiago e Jesús Araújo, en representación da Plataforma SOS Sanidade pública.

Esixiron atención presencial, ambulancia medicalizada, a apertura do consultorio de Goián e que se cubran tódalas prazas de médicas/os e enfermeiras/os en Tomiño

Abel Diego Acevedo, o "avó de Oia", cumpre 100 anos

O home de maior idade de Oia, Abel Diego Acevedo, cumpriu 100 anos o pasado 27 de agosto. Nado en Acevedo (Loureza),

este veciño de Burgueira leva 72 anos casado con Guadalupe Giráldez e conta co agarimo dos seus 2 fillos, 5 netos e 3 bisnetos.



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03



Informática San Benito, S.L. - www.sanbenito.es - info@sanbenito.es
Plaza San Benito, 2 y 3 - 36780 A Guardia (Pontevedra) - Teléfono: 986 60 89 20

ENTREVISTA

Entrevista de Guillermo Rodríguez

Alejandro Lorenzo | Voceiro do Partido Popular do Porriño

"Hai uns 5 millóns de euros en facturas pendentes de pago por parte do Concello do Porriño"

Alejandro Lorenzo é desde 2019 o presidente do Partido Popular en O Porriño e o seu voceiro na Corporación Municipal, na que xa ingresou en 2007 como representante deste par-

tido. Durante doce anos foi alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de Chenlo. É un empresario no eido da automoción, ademais ten unha empresa de lentes deportivos.

O pleno do Concello decidiu aumentar a contía para o Festival de Cans ata os 40.000€. Qué tes que dicir sobre isto?

Isto permítelle ao Festival realizar pola súa conta unha serie de actividades que estaba realizando o Concello; agora serán realizadas a maiores polo propio Festival. A contía é necesaria pola importancia do Festival para Cans e para O Porriño.

Ti cres que o Festival poderá seguir manténdose con esa estrutura ou ben precisará de novos espazos que sómentes a vila do Porriño pode ofrecerlle?

Sacar o Festival de Cans para mín non sería acertado. As aldeas pequenas tamén poden ofrecer cousas interesantes que eu home procedente do rural defendo, aínda que se poderán facer actos noutras instalación da vila. O Festival naceu aí, naceu con ese nome, que é unha idea magnífica e que debe seguir aí coa asociación que o leva.

O aumento da aportación do Concello vai precisamente na dirección de que se poidan realizar actividades noutras parroquias, pero sempre ligadas ao propio Festival.

Nos últimos tempos O Porriño é noticia polas supostamente malas prácticas da súa administración. O PP ven denunciando estes feitos. Qué nos podes dicir sobre o particular?

Os xulgados correspondentes teñen recibido denuncias por preto de cinco millóns de euros en facturas pendentes de pago; hoxe mesmo, nun pleno extraordinario, demos conta que foron mais de

18 millóns en reparos levantados pola alcaldesa ou polo pleno municipal nos últimos cinco anos; isto demostra un pouco a contratación irregular que leva feito o Concello nos últimos anos.

Os tribunais din que non só as contratacións son irregulares senó que é unha práctica masiva e sistemática no funcionamento da administración do Concello. Todas as sentenzas que está sacando o Tribunal Contencioso Administrativo de Pontevedra están derivándoas para os xulgados do Porriño e para a Fiscalía. Exemplo foi a contratación dunha orquestra sen ningún tipo de licitación así como empresas que facturaron mais dun millón de euros con procedementos semellantes.

A alcaldesa está agora nun procedemento abreviado de investigación que existe nun xulgado do Porriño e que, en caso de abrirse, será enviado a Pontevedra para realizar o xuízo correspondente.

Non falamos de servizos básicos esenciais, que parecen ser a defensa da alcaldesa, senón de todo tipo de servizos: subministros ou obras, compras de teléfonos, contratación de obras, servizos para festas do pobo ou nas parroquias, deportes, limpeza diaria, lixo, etc, que se están facendo de maneira masiva, sen ningún tipo de contratación. Estamos falando de mais de catro ou cinco millóns de euros irregulares e que non existen nin informes de prezos de mercado, informes de veracidade de servizos e aínda así moitas desas facturas foron pagadas.

Por qué os tribunais tardan tanto tempo ou iso necesita unha investigación con mais probas?

Hai probas suficientes, ao meu entender, o que ocorre é que estanse traspasando duns xulgados a outros diferentes contenciosos, o que alarga no tempo a resolución dos mesmos. Proximamente teremos noticias dos contenciosos que teñan rematado o período de investigación; é de suponer que poidamos coñecer sentenzas definitivas.

O máis grave que ocorre no Concello é que esta é unha facturación existente dende o ano 2017. Ese ano se facturaron para moitos servizos, subministros e obras realizadas e logo se presentaron as facturas por Rexistro e o Concello o que fai é rexeitar a factura por ausencia de contrato. Para mín é unha estafa da administración e do propio empresario. **Podemos pensar que a Alcaldía está presa por un fio?**

A alcaldesa está suxeita non por un fio senón por un grupo de concelleiros e de concelleiras que a votaron para que estea alí, para exercer.

Pero non ten a maioría.

Ela está alí porque ten unha maioría de 9 votos. Ela tiña 4 votos, o Partido Popular tiña 8 votos, pero ela cun grupo independente que precisamente un mes antes era presidente do Partido Popular e logo resulta que despois das eleccións era un asesor do PSOE na Deputación de Pontevedra, e con 2 votos do BNG e 2 tamén de Esquerda Unida foron os que a puxeron aí sendo



coñecedores desta situación económica.

Quere dicir que o Partido Popular non ten ningún compañeiro de viaxe na Corporación para poder presentar unha moción de censura?

Non, non o ten. Aparte que para a moción de censura precísanse que se firmen 9 peticións e que logo os 9 tamén a voten. Nós temos 8 e polo tanto precisamos dun voto mais para a maioría.

Qué podes dicirnos do urbanismo do Porriño?

O Plan de Urbanismo do Porriño é de 2003. Foi elaborado por José Manuel Barros (foi alcalde do Porriño entre 1981 e 2002. Faleceu en 2016) Foi aprobado xusto no momento en que houbo cambio de goberno, cando entrou Raúl Francés como alcalde, quen foi o que o levou a pleno para posteriormente ser aprobado cos votos do propio Barros. De faltarlle ese apoio, aínda estaría hoxe sen aprobar 18 anos despois.

Estase aplicando correctamente?

É necesario un novo plan porque hai moita xente do rural que ten a posibilidade de edificar nas súas parcelas e non pode facelo, igual que ocorre no centro da vila. Hai que seguir regulando e

hai que seguir aumentando a nosa poboación. O Porriño pasa dos 20.000 habitantes e para alcanzar unha maior poboación necesitamos tamén unha maior edificabilidade e, ó mellor co tempo, expandir o noso Concello.

Eu son do rural, da parroquia de Chenlo, e creo que as parroquias hai que conservalas, axudarlles para que teñan tamén maior edificabilidade. O que está claro é que hai que renovar o noso plan urbanístico. Para dar solución tamén a edificabilidade nas parroquias, unha das cousas principais, básicas e esenciais nun Concello como O Porriño é a falta de saneamento total, que nestes momentos a penas chegan ao 50%; nalgúns parroquias non pasa do 10%.

Está é unha das propostas que levamos a plenos constantemente. As parroquias deben saber cando van a ter un plan de saneamento e para iso é preciso unha planificación que comprenda a todas as parroquias, incluído o casco urbano. A poboación do Porriño está crescendo de acordo coa súa contorna. Estábamos en 20.000 e agora estamos perto dos 21.000 habitantes. Por tanto, nas próximas eleccións municipais (2023) estaríamos crescendo tamén en número de concelleiros municipais,

Entrevista a Alejandro Lorenzo | Voceiro do Partido Popular do Porriño (continuación)

neste caso a 21.

Falemos da economía do Concello do Porriño. Como a ves?

Temos tres clústers e empresas importantes a nivel mundial: farmacéuticas que están desenvolvendo unha das vacinas contra o coronavirus; automoción, tecnolóxicas, granito, etc, que xeran riqueza e emprego para o pobo do Porriño. Non obstante, algunhas destas empresas están ocupando terreos que son municipais e tamén da Comunidade de Montes. **Precisamente, cal é a situación das canteiras en relación coas Comunidades de Montes?**

Entendo que a relación é boa entre a Comunidade de Montes, o Concello e os propios empresarios, aínda que existen algunhas disputas para reclamar certas parcelas que tentan resolverse nos xulgados.

Cres que o Concello está apostando pola canteira deportiva do Porriño?

O actual goberno municipal está seguindo un pouco a liña iniciada polo ex alcalde Barros, apoiando os convenios que xa existían. Considero que se poden facer outros convenios e que se poden mellorar infraestruturas e tamén axudar a deportes minoritarios. Este 2021 é un ano punteiro para os equipos de baloncesto e distintas categorías de balonmán que chegaron a campionatos de España. Isto é un indicador de que se está traballando moito o deporte de base.

Campo educativo. Como ves a estrutura educativa do Porriño?

As escolas unitarias existentes nas parroquias ten deficiencias moi graves. O Concello debería intentar chegar a acordos coa Xunta para o mantemento e mellora de infraestruturas de institutos, tanto os que sexan de competencia municipal como autonómica.

Nas parroquias do Porriño non

se fixeron escolas unitarias ultimamente?

Existían as de Chenlo e Pontellas, que foron pechadas porque non tiña nenos. Hai unha que xa non existe porque converteuse en asociación cultural. A de Mosende está actualmente en uso, que é municipal e ten nenos de Chenlo e de Pontellas, pero no que o seu estado non é o mellor. **Para finalizar, permitímoslle o espazo para dar unha mensaxe á veciñanza.**

O máis importante é defender os intereses do Concello, dos veciños e das veciñas, sobre todo en materia económica porque estamos traballando moito, a pesar de levar a pleno distintas propostas e acordos que logo non se levan a cabo. En materia económica estamos xudicializando porque estase demostrando que o que se está facendo non é realmente o correcto e así se demostran as sentenzas e se de-



mostrarán as que saldrán. Eu creo que a veciñanza do Porriño non debe admitir isto. E logo van rirse das empresas, porque achacarlles que o Partido Popular

que non cobra cando é realmente o goberno municipal o que non paga as facturas, hai que ter moita "jeta" para facer iso e logo tamén para dicilo.

LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

Teresa Ríos, Carmen Lemos e Laura Domínguez, gañadoras do concurso de relatos breves "Remata o Conto"

O certame de relatos breves Remata o Conto que organiza o Concello de Ponteareas, e a Federación de comercio, hostalaría e servizos de Ponteareas (Banastra) xa ten gañadoras. Teresa Ríos gañou o primeiro premio, Laura Domínguez o segundo, e Carmen Lemos o terceiro. O concelleiro de Cultura e Lingua e membro de xurado, Fernando Groba, destacou a "calidade literaria, a orixinalidade, a corrección lingüística, e a adecuación ao tema" das tres gañadoras, e afirmou na entrega de premios que o seu traballo neste concurso "potencia a creación literaria entre a mocidade de Ponteareas. E iso é moi



importante".

O xurado do premio estivo formado por Manrique Fernández Vázquez, Raquel Castro, Fernando Groba Bouza e Sofía Rodríguez, que actuou como secretaria con voz e sen voto. E na entrega de premios, ademais do concelleiro de Cultura, tamén estivo presente

Yolanda Carballido, presidenta de Banastra.

Remata o Conto é un certame que ademais de apostar pola cultura literaria, tamén axuda ao comercio local premiando as persoas gañadoras con vales para investir en establecementos do concello.

Os cursos CELGA e de linguaxe administrativa galega da Escola Oficial de Idiomas abrirán o prazo de inscrición o 1 de setembro

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ponteareas informa que os cursos CELGA e de linguaxe administrativa galega da Escola Oficial de Idioma abrirán o prazo de inscrición do 1 ata o 10 de setembro para o primeiro cuatrimestre do curso (outubro - xaneiro). As solicitudes para o segundo (febreiro - maior) poderán presentarse desde o 4 ata o 14 de xaneiro de 2022.

Todas as persoas que estean interesadas e precisen información

sobre estes cursos poden dirixirse ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ponteareas, onde recibirán información detallada sobre estas accións formativas. A formación é gratuíta e está convocada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O concelleiro de Lingua, Fernando Groba, destaca que estes cursos "son unha gran oportunidade para mellorar no uso da nosa lingua e poder obter un título imprescindible para acceder a un proceso de oposición en Galicia".

O punto limpo contará cun muro de contención para evitar posibles desprendementos

O Concello de Ponteareas construírá un muro de contención que garanta a seguridade da contorna do punto limpo en Alemparte (Areas), xa que a instalación municipal está construída sobre un terreo con gran desnivel con risco de desprendemento. A alcaldesa, Cristina Fernández Davila, expón que esta actuación "é urxente para reducir o perigo,



sobre todo en inverno, e mellorar o servizo ofrecido á veci-

ñanza".

Durante a intervención tamén se aproveitará para levar a cabo a construción dun muro de peche que evite a entrada de persoas alleas ao punto limpo así como animais. A intervención conta cun orzamento de máis de 180 mil euros financiado por fondos propios do Concello e o Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

O Concello de Ponteareas, a través da concellaría de Medio Ambiente que dirixe Rosa Covelo, comezou a esterilización das 17 colonias felinas que hai na vila. Xa, hai dúas completamente tratadas. "Priorizamos as intervencións nos espazos que acumulan máis queixas da veciñanza", explica a edil.

O Concello, en colaboración coa Asociación Biosbardos, está a aplicar a estratexia C.E.S (Capturar-Esterilizar-Soltar), que supón atrapar os animais, esterilízalos e ás 48 horas soltalos na súa colonia cun marcador para identificalos e controlalos. Este

método é o recomendado pola OMS para evitar a proliferación dos felinos.

Esta estratexia é a máis eficiente na optimización e inversión de recursos, facilita a xestión da adopción dos felinos, diminúe o gasto público e privado no control de pragas, xa que espantan outros animais coma as ratas, mellora o benestar social, tanto animal como humano, prevén os brotes de enfermidades, mantén boas condicións de hixiene nas colonias, e, por suposto, reduce en gran medida a poboación de felinos de maneira sostible e ética co seu benestar.

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS GALICIA
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506